

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL DE ADXUDICACIÓN DE BOLSA COMPLEMENTARIA DA DEPUTACIÓN DE OURENSE AO ESTUDANTADO DO CAMPUS DE OURENSE QUE TEN ADXUDICADA UNHA PRAZA DE MOBILIDADE INTERNACIONAL NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS ESTUDOS KA131 NO CURSO 2025-26

A Universidade de Vigo ten asinado un convenio coa Deputación de Ourense no que esta institución comprométese a financiar axudas complementarias ao estudantado do campus de Ourense seleccionado no programa de mobilidade internacional ERASMUS+ KA131.

O estudantado ao que vai destinado esta axuda complementaria xa foi seleccionado a través da convocatoria de concorrencia competitiva en desenvolvemento do programa ERASMUS+, publicada o 5 de decembro de 2024 e financiada no marco do convenio de subvención asinado co *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), polo que non é necesaria a convocatoria dun novo procedemento de concorrencia.

De acordo con esta resolución, que prevé que a concesión das bolsas complementarias da Deputación de Ourense se resolverá tras a sinatura do convenio coa Deputación de Ourense a este efecto e logo de publicar a resolución reitoral coas listas de estudantado con praza Erasmus+ KA131 adxudicada, en lista de agarda e excluído, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro: Publicar no anexo I a listaxe provisoria de concesión de 14 bolsas complementarias da Deputación de Ourense, ao estudantado seleccionado do campus de Ourense no marco da convocatoria do programa Erasmus+ Estudos para o curso 2025-26 e seguindo a orde de **nota media ponderada* dos expedientes de Grao a 30 de setembro de 2025** cos seguintes requisitos:

- Estar matriculado/a no curso 2025-26 en titulacións do campus de Ourense.
- Ter adxudicada unha praza Erasmus+ KA131 Estudos para o curso 2025-26 e cumprir coas obrigas establecidas na convocatoria Erasmus+ Estudos e bolsas complementarias, RR 05/12/2024.
- Non ter concedida unha bolsa complementaria da Deputación de Ourense para unha estadía Erasmus+ en convocatorias anteriores.
- Non ter concedida unha bolsa complementaria de Campus Auga, RR 30/09/2025, destinada a estudantado seleccionado a través da convocatoria de concorrencia competitiva de prazas e bolsas Erasmus+ Estudos KA131 para o curso 2025-2026.
- A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de **14.000 €** para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito, na aplicación orzamentaria 2025 00IN 121DORI 48210..

(*) Calcularase a nota media ponderada dividindo a media do expediente do estudantado entre a nota media das persoas tituladas de cada titulación segundo as medias que constan no anexo III. De non existir datos de persoas tituladas dunha titulación, Grao en Deseño, tomarase a nota media por ámbito de estudos xeral de acordo cos datos ofrecidos pola Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED): Grao en Relacións Internacionais: 7,22.

Segundo: Publicar unha listaxe de agarda no anexo II, no caso de renuncias.



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Terceiro: Abrir un **prazo de reclamacións ás listaxes provisionais de 5 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#). As reclamacións deberán presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante o procedemento [instancia xenérica \(SXER\)](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (ORI).

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

